



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE XUÑO DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinteoito de xuño do dous mil vinte e un, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 31 DE MAIO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 31 de maio do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datadas das Resolucións das que se da conta: do 26.05.2021 ao 22.06.2021.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 26.05.2021 e o 22.06.2021.



PARTE RESOLUTIVA

3º.- SOLICITUDE A ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. DE INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PREXUÍZOS CAUSADOS Ó CONCELLO DE MONFORTE COMO CONSECUENCIA DOS INMCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS ACREDITADOS EN RELACIÓN Ó EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVICIO PÚBLICO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVICIOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DE A PINGUELA.

O ditame é favorable á moción, con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“ANTECEDENTES

1.- CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, con GRUPO PAZOS SALUD Y OCIO S.A., de data 31/03/2011 (acta de inicio da prestación de 01/04/11), que foi CEDIDO a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. segundo autorización do Pleno da Corporación de 4 de xuño de 2015.

2.- Expediente de solicitude pola empresa de restablecemento do equilibrio económico da concesión, iniciado por solicitude da empresa o 21/03/2019 e resolto polo Pleno do concello o 30/09/2019 no sentido de desestimar a solicitude.

3.- Consta a efectos de emitir o presente informe o expediente de intervención do servizo iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2020 que adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- Consta a memoria do Interventor do Servizo cuantificando ingresos e gastos realizados pola administración durante a intervención do servizo e por conta de ALACER OCIO Y DEPORTE S.L. no periodo que abrangue do 11 de marzo ao 26 de outubro de 2020.

5.- Consta expediente de resolución do contrato iniciado polo Pleno en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de agosto de 2020 e aprobada definitivamente en sesión ordinaria do 26 de outubro de 2020 coa adopción do seguinte acordo:

6.- Constan informes de auditoría emitidos por Quaity Option S.L. entregados o 24/04/2021 no Concello:

“Diagnose das instalación da piscina municipal de Monforte” e outro de formato máis reducido: “Diagnose do edificio da piscina municipal de Monforte”

Visto o anterior proponse ó Pleno que se adopte o seguinte acordo:



- 1.- *Acordar inicialmente a esixencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. dunha indemnización por importe de 201.113,50 €, polos danos e prexuízos causados ó Concello de Monforte como consecuencia dos incumprimentos contractuais acreditados no expediente e dos que é responsable ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.*
- 2.- *Dar trámite de audiencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. por un prazo de 15 días hábiles a fin de que alegue canto estime oportuno en defensa dos seus intereses."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias manifestando o seu voto favorable a esta proposta, porque a tenor do contrato e dos anexos onde aparecen as penalizacións á empresa así como as obrigas, felicita ao técnico que fixo o informe. Augura que isto remate por vía xudicial, xa que a empresa ven dando síntomas do que pode chegar a facer chegados a este punto. Había unha serie de melloras e desas irregularidades, algunhas destas xa se levarían a cabo, senón haberá que tomarlle de reclamar á empresa, senón será o Concello haberá que ir pensando en ir facendo eses arranxos para que o servizo sexa óptimo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta o seu voto favorable. Fala da irresponsabilidade do desatino na contratación, fala do informe que di que moitas cousas se estragaron pola última, pero tamén moitísimo polo non mantemento. Gustaríalle que se lle explicara o de pedir esa cantidade. Di que non lle parece nin moito nin pouco, gustaríalle que se aclarese todo iso.

Intervén D^a Katherinie Varela di que teñen unha dúbida, entende que o reclaman aquí son os custos que asumiu o Concello, si se vai facer noutro expediente o mantemento da piscina, manifestadno o apoio a esta iniciativa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o informe técnico é bo. O que se está pedindo foi o perxuízo que lle causaou ao concello por facerse cargo da piscina. Outra cousa é o mantemento e outras cousas son melloras da piscina. As obras das que falan os voceiros haberá que velas se no contexto do novo concurso se se pode facer dun xeito directo ou integrándoas á empresa que leve o concurso. Iso haberá que velo no momento en que se saque a concurso o contrato.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non ten nada que ver coa vida útil, se o mantemento fora bo a vida útil sería mellor. O mantemento si que ten que ver na vida útil, non entenden como e equipo de goberno teñen un documento que di que hai un mantemento nefasto, de aí non se entende porque se lle piden soamente 200.000,00 euros, pero si o mantemento fose adecuado. Cren que están equivocados que cun bo mantemento a vida útil é mellor.

Intervén o Sr. Alcalde di que están no correcto. O que di é que unha cousa é o mantemento ordinario, o que se non se pode reclamar aquilo que non se pode reclamar. Cada un pode ter a opinión que crea, sinala que se reclama esa cantidade porque é o que din os técnicos, coinciden que esta cantidade.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA PARA O EJERCICIO 2021.

O ditame é favorable á moción, con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal Popular e a abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

D. Emilio José Sánchez Iglesias amosa que a súa abstención é porque acaba de recibir a documentación polo que non pode dicir o que pode aportar.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“A Organización Mundial da Saúde elevou o día 11.03.2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 a pandemia internacional.

Para facer fronte a crisis sanitaria foi preciso adoptar medidas inmediatas para poder controlar a propagación da enfermidade, o Goberno da Nación declarou o estado de alarma mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, prorrogado en diversas ocasións, a última mediante Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que prorrogou o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, quedando establecida a prórroga ata o día 9 de maio de 2021.

*Aos efectos de paliar as consecuencias que ten para o sector da Hostalería do Concello de Monforte de Lemos as medidas adoptadas durante o estado de alarma, e para poder adoptar posibles medidas de apoio ao sector por parte do Goberno Municipal **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:*


PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal da **TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA** establecendo a seguinte **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**:*

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Queda suspendida a aplicación da presente Ordenanza fiscal dende o 1 de xullo de 2021 e ata o día 31 de decembro de 2021.

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e Pleno da Corporación 28.06.2021



presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se abstiveron na Comisión porque se presentou a documentación no mesmo momento, di que van votar a favor, porque entre outras cousas foi algo que dende o BNG nos primeiros seis meses se reclamou que se fixera para todo o ano. Isto axuda a paliar os problemas económicos da hostelería, tamén hai que pensar que non vai haber festas. Quere puntualizar que hai que pensar que hai algúns establecementos pola súa ubicación carecen de dispoñer de terrazas e que buscara a maneira de compensalos dalgún xeito, pódese entender como unha pequena diferenciación entre establecementos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar a favor, lles parece que todas estas actuacións dende o Concello son totalmente populistas, podería estar antes. Vostedes o fan para xerar novas, di que seguen pensando que esta mesma acción terían que tela pensada para o ano 2022. Pensen tamén nos propietarios de bares e que non teñen terraza, pensen na hostlería, nos autónomos, e pensen no ano 2022, é unha parte importantísima do tecido productivo. Non entenden o de non facer festas, nin verán cultural, nin nada algún día debería falalo aquí. Gustaría que estas cousas as explicara aquí.

Intervén o Sr. Alcalde di que baixo o seu modo de ver, se se compensase este ano os que non teñen terraza, habería que compensalo todos os anos, habería tamen como se viste iso. Hai zonas onde se permiten terrazas e outros non. Fala D. Germán de populismo di que non lle dan gañado a vostedes nin con moito. Se entera pola prensa, non pretenda que vai contarlle todolos días para contarlle o que vai facer. Tampouco lle chama o Sr. Feijoo, di que se entera pola prensa. Nin sequera os deputados e os asesores non se enteran do que vai ao Consello da Xunta. Anuncia as cousas como fan todos os gobernos, se vostede vota de menos iso, cando os monfortinos lle dean os votos necesarios e este no equipo de goberno xa mo contara.

Intervén D. Emilio José Sánchez ver como se encaixa esas axudas, o argumento que deu que o ano que ven o vai ter. Entede perfectamente o que quere dicir, e que este ano concreto no interior, había un aforo limitado, para o ano que ven espera que non teñan un aforo limitado. Este ano 2021 tiveron o aforo limitado no interior, outra cousa é encaixalo legalmente.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os das terrazas tamén teñen aforo limitado. Parécelle ben pedir por pedir, iso o entende. El segue insistindo un ano hai que compensar os que teñen terraza fronte aos que non teñen terraza.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor da concelleira e concelleiro do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

“Primeiro.- Facer un estudio exhaustivo por parte do Concello das zonas con mala cobertura móvil e problemas de banda ancha no municipio de Monforte de Lemos e trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación sinalados sitios no Concello de Monforte de Lemos.

Segundo.- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móvil nos núcleos de poboación do noso Concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que coincide no espírito da iniciativa. Di que dende o BNG no Congreso se levou unha iniciativa deste senso. O primeiro punto da moción di que facer un estudo exhaustivo é moi complexo, non sabe se o Concello ten capacidade ou persoal para levar a cabo isto. A iniciativa reclama ao Concello, ao ministerio, faltoulle a deputación, pero a Xunta non se lle reclama nada, non sabe por qué. En 2015 levouse a cabo aquel plan de banda ancha 2020, estamos no 2021 e aquí se segue como se estaba. Di que esta de acordo votando a favor, pero aquí hai que implicar a máis administracións como é a Xunta que ten capacidade para facelo, é máis anunciou que o ía facer.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que Esperta Monforte tamén intentou traer algo parecido do tema da banda ancha. Reiteran o mesmo porque efectivamente se saca o tema das competencias, se son cousas boas para os monfortinos eles van



apoialas e eles entenden que esta moción repercute positivamente para Monforte. Igual o Concello pode facer un estudo, di que habería que tirar todos polo mesmo, di que botan de menos que non se inste á Xunta de Galicia, o que interesaría tanto a banda ancha como a conectividade fose algo positivo.

Intervén D. Miguel Tomé di que tamén esta moi ben que a xunta asuma que ten cousiñas que facer e non poñer deberes aos demais, porque presenta un plan nese sentido. O tema da pandemia, non por ser máis evidente polas tráxicas circunstancias agora non se convirte nun tema novo, leva riba da mesma, anos incluso nos que gobernou o PP en Madrid, o PSDG presentou mocións e votaron en contra. O goberno galego en febreiro o 13,2% non poden acceder a máis de 2 megas, o goberno galego a estratexia dixital Galicia 20-30 apostar por unha administración intelixente no 2025 as empresas podan ter relación coa xunta de forma telemática, esto todo esta moi ben , esperan que estes obxectivos os leve a cabo a propia Xunta de Galicia de Galicia, espera que non se trate de vender a moto. En España o 85% ten cobertura de fibra óptima, a cobertura de banda ancha de 100 megas alcanzou o 88% da poboación no 2020, e alcanzaou no 63% na zona rural. Este informe confirma o aumento xeneralizado. A fibra óptica aumentou cinco puntos a cobertura de fibra óptica a mia da metade da poboación que reside en zonas rurais. O ministerio xa conta cun estudio recente, aínda así o que vostedes solicitan no primeiro punto foi encargado fai semanas ós técnicos municipais e se dará traslado ao ministerio. Fala da prioridade da Axenda 25. A provincia de Lugo aparece como prioritaria neste Plan.

Intervén D^a Katherinie Varela di que non é tan complexo facer un estudo, xa que Miguel acaba de dicir que está encargado. Existen 4.300.000,00 de fondos europeos para esta estratexia dixital. Di que instan ao Ministerio porque é unha competencia estatal, outra cousa é o que faga a Xunta. A Xunta se pode realizar aquelas actuacións que teñan autorización do Estado. Podería falar de todo o que leva feito a Xunta en relación á conectividade. O propio voceiro desta moción xa que realmente hai unha previsión de gasto para a provincia de Lugo, esperan que iso sexa así e se faga efectivo.

Intervén D. Miguel Tomé non sabe se é compatible o que presentou a Xunta con tanta pomposidade, realmente si se poden facer cousas. Galicia foi a comunidade que máis axudas para a banda larga no ano 2018, no 2019 exactamente o mesmo. En 2020 as axudas foron para Galicia e serviu para cubrir máis de 56.000,00 fogares e empresas. Se se presenta un plan e se pdoe facer algo teñen que facelo, o goberno de España volcado coa dixitalización en Galicia. Consideran cumpridos sobramente a previsión que fai o goberno no segundo punto, o primeiro punto está senso redactado pola complexidade que ten, e por iso que vendo cumprido ese punto non ven demasiado problema en aprobar a inicitigva en aras desa unidade para dar un empuxo a ese asunto de cara a moitos anos.

Intevén D^a Katherinie Varela di que o Plan da Xunta está autorizado polo Ministerio. Lembra na necesidade que sepoñan todos de acordo para mellorar esta necesidade.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! PARA O ESTUDO DE CAMBIOS NA CIRCULACIÓN.

Non estando presente na Comisión o proponente da moción, procédese á súa votación. Sendo esta a seguinte: nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, da concelleira e concelleiro do Grupo Municipal Popular e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), non sendo a proposta dictaminada, procede a elevación ao pleno con efectos de adoptar o acordo que proceda.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

“1.-Iniciar o estudo dos posibles cambios na circulación necesarios para o peche de circulación pola ponte vella.

2.-Elaborar un informe para facer de sentido único as rúas Santa Clara e Padre José de Garabantes. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que están de acordo para que se elabore ese estudo e para eses cambios. Fala que se buscará a formulas para reorganizar o tráfico do entorno das áreas comerciais, di que isto se debe facer. Amosa o seu apoio a esta iniciativa.

Intervén D^a Katherinie Varela di que é obvio que o tema do debate de Monforte, non so a ponte senón a peatonalización da ponte vella, di que hai unha conxestión de tráfico na ponte nova. Reclamando de facer un estudio real das zonas de tráfico, á espera de ver que perxudicaría a peatonización da ponte vella. Di que esta moción en concreto que o solicita é facer ese informe sobre o cambio de sentido de rúas, di que lles parece adecuado, independentemente sen entrar no debate da nova ponte.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán xusto ao revés do que di ante a posibilidade non pode tomar en conta a proposta nos cambios de circulación que proponen. Di que persoas próximas a vostedes faloron moito de peatonalizar a ponte vella, por prometer chegou a prometer facer un único sentido no conxunto de San Vicente. Este Alcalde e este equipo de goberno propuxeron que para poder pechar a circulación na ponte vella era facer unha nova ponte, este é o compromiso e a folla de ruta.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o que piden é que teñan un plan B non está claro de que teñan vostedes de conquistar eses permisos para a nova ponte. O que pide é que faga un estudo, ao mellor ese estudo di que a posible ponte sexa por outro sitio, vostede o que teñen é unha idea súa, e que querían facer unha ponte aí, porque ao mellor con obteñen todos os permisos. Ese tema de persoas próximas a vostede señor Torres o ve máis do alcalde. Di que eles soamente veñan a pedir que fagan un estudo para pechar a ponte vella. Se non lle dan os permisos a ponte vella vai seguir con circulación, vostedes a día de hoxe non teñen un informe da Policía Local o mellor é facer unha ponte no medio do Malecón.


Intervén D. Emilio José Sánchez di que o primeiro que se debe de facer un plan de mobilidade que non existe en Monforte, para saber que é o que precisa Monforte a nivel de tráfico, ao mellor sorprende e di que hai que facer esa ponte. Mirar de modificar o sentido de rúas, hai que peatonalizar a ponte vella si, fíxose antes, non hai que facelo si pois quen esta no goberno debe facelo, pódese facer si, intentando buscar xeitos. A iniciativa ten todo o sentido do mundo, igual cando se trouxo aquí por parte do Bloque o tema da rúa Chantada.

Intervén D^a Katherinie Varela máis que un plan de mobilidade o que urxe a Monforte é un plan de urbanismo, aquí teñen responsabilidade todos. Fala da perda de poboación. Monforte ten para facer cousas urxentes demasiadas, fala de reforma da biblioteca. Di que é fundamental ter un plan claro antes de facer actuacións sen ningún tipo de previsión. Quizáis antes de facer hai que un orde do que se quere facer. Centrados da moción di que é unha boa idea, di que se levan dous anos, non se fixo nada todavía, como non se sabe se vai levar a cabo, ter ideas para peatonalizar e cambiar o tráfico da cidade.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Emilio que outras cidades comparan a Monforte, fala dos verdaderos problemas de tráfico. Ás veces fan uns razonamentos que lle deixan pasmado. Supoñer tanto que non hai un informe, de que informes se ampara vostedes para opoñerse con esa opulencia. Esta fala de informe da que fala gustaríalle saber en que se ampara vostede. Manifesta o voto en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez que cada un vai non so vai aos sitios. Aquí so se pide un estudo para cambios na circulación e elaborar un informe de mobilidade. O equipo de goberno dille a Policía que conten aos asistentes, quen lle contou as pancartas e que lle fixo o informe. Ademáis vostede que viaxa tanto vaia pola rúa José de Garabantes, de todas formas son competencias municipais, sinte que todas as propostas do seu grupo lle parezan un sin sentido.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai algunhas cousas que hai que sabelas. Vostedes non teñen ningún informe, dille a D. Germán vostede que sabe, non se pagou por iso o Concello, como di a dicir que non teñen un informe. Fala dun plan B é típico daqueles que non teñen ideas, di que eles manteñen o que din. Di que non teñen posibilidades de que dean o permiso, non faga caso dos rumores, non vai ser que o den ou que se consiga por outra vía, non se preocupe vostede, hai un caso moi recente moi semellante a este. Dille a D^a Katherinie Varela que na rúa Hortas



tiran moitísimos coches cara a ponte nova non entraría na cidade, se quitarían coches do centro, polo tanto non enganen, por moito que digan da exactamente igual, os veciños ven a realidade. Este goberno ten ideas e canto ten unha idea non anda cun plan B, o que hai que facer é executar a idea. Falan de peatonalizar a ponte vella, di que el sempre dixo que había que facer unha ponte alternativa no Malecón, o leva dicindo fai 12 anos. Sinala que este é un compromiso de fai moitos anos.

O Sr. Alcalde chama a atención por primeira vez a D. Jaime Germán por falta de orde.

Continúa o Alcalde dicindo que se o sr. Germán que agora non pode interromper á Alcaldía. Había un plan no 2006 un plan de mobilidade que o fixo unha empresa de Madrid e logo din peatonalizar si, pero os que prometeron facelo no entorno de San Vicente non o fixeron, agora queren que o faga este equipo de goberno pero como queren vostedes. Monforte vai por bo camiño esta mellorando urbanamente moitísimo, en zona s verdes igual, o Polígono Industrial nunca estivo como está, os pasos a nivel, hai unha cantidade de melloras en Monforte, tamén no rural. Fala de escritos dos empresarios de Monforte do 2006 e do ano 2008. Nunha reunión cos empresarios no ano 2008 cun deputado que era D. Dámaso López dicía aquí que había que facer dúas pontes no centro de Monforte, unha delas no Malecón e outra na zona de Aceña Nova, non soamente de puño e letra o pon aquí. Noutra data algo diferente o 2.11.2006 as 17:30 os empresarios da CEL se reuniron coa deputada D^a M^a José Vega e dixo tamén é intención do grupo parlamentario a construción de novas pontes do río Cabe, estes son documentos da CEL era o que dicían o PP e o BNG.

Dille a D^a Katherinie Varela que levan varios anos pidindo subvención para mellorar a biblioteca e ningún ano a dan. Di que antes de facer propostas deste tipo as estudien ben.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.

O ditame é favorable á moción, con voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

"1. Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Monforte de Lemos da súa política enerxética por contribuir ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.



2.-Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a)Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b)Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c)Modificar a Lei 24/2013 do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Sinala que non vai retirar ningún dos puntos que están aquí.

Intrvén D. Jaime Germán di que esta de acordo co prantexamento da moción, di que a suba da luz sempre a pagan os mesmos, quere escoitar cales van ser explicacións, as competencias están clarísimas. Fala do encarecemento o prezo final de tódolos produtos.

Intervén D^a Katherinie Varela di que é necesario puntualizar dúas cousas. O primeiro quere dicir que entende a Germán e participou nesas conferencias, el non organizou esas conferencias. Por outra banda, é lamentable que fale de xente do 2006 e 2008, dentro do partido popular hai xente que está a favor da súa proposta, iso non o negaron nunca, dase plena liberdade.

En canto á moción di que o tema da tarifa da luz, di que a gran maioría non entende o que se cobra, por iso presentan unha enmenda que sinala:

“1. -Traspasar aos orzamentos xerais do estado algún dos custos regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares.

2..-Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia.

3.-Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e poñer en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.

4.-Ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kw para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao bono social eléctrico”.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Emilio que son moi sensibles dende o equipo de goberno sobre a suba da electricidade. Fala da liberalización do mercado eléctrico aprobada polo Sr. Aznar. En canto á cuestión que ocupa, segundo datos facilitados por Eurostar España atópase debaixo da media. España se sitúa en oitavo lugar, do mesmo xeito o prezo da electricidade atópase debaixo da media europea, como se ve non se está a cabeza do prezo da electricidade. Fala de que foi un goberno socialista



o que fixo a rebaixa do IVE e suspendeuse durante tres meses o imposto da enerxía eléctrica. Todo isto está en mans de empresas privadas. Propón unha baixada do 4% , ningún país ten esa porcentaxe.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o problema da enerxía eléctrica non ven dende o Sr. Aznar iso ven de máis aló. O resumo da redución do goberno do estado español do día 24 de xuño. O primeiro punto da súa enmenda, esto non se pode concebir, con cartos públicos se benefician as empresas privadas. O que hai que facer modificar os prezos, estas enmendas todas poden ser outra moción que poden traer vostedes no próximo pleno. Di que non acepta as enmendas de engádegas, repite que pode ser unha moción que a poden traer ao próximo pleno.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez reitera o seu voto a favor. Di que el intenta ser o máis correcta posible e si que é certo ten un pronto que se ten que ir suavizando, non vai permitir é que minta a sabiendas, conta iso e senón o sabe pregunta. Vostede non pode dicir, os amigos, personas próximas. non pode faltar á verdade e despois a Sra. Prada tamén di, pide disculpas, pero vostede cando se trabuca non o recoñece, pide o mesmo respecto que ten el para vostede.

Intervén D^a Katherinie Varela di que non cre que sexa un problema dunha liberalización, di que lle parece que é un problema de pacto de compañías, e logo da carga impositiva que fan as administracións públicas na tarifa da luz.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que se remite ao dito anteriormente, di que vai falar da enmenda do PP. Dille a D^a Katherinie que a enmenda como propósito de enmenda está moi ben, fixeron todo o contrario do que propuxeron.

Intervén D. Emilio José Sánchez fala sobre a rebaixa do IVE, todo o rebaxado benvido sexa, o colectivo máis desfavorecido, a baixa será inferior aos 7 euros da media prevista. En segundo lugar para o grupo maioría ata 10 kw imponse dúas limitacións o prezo non baixa dos 45 euros, algo improbable. Polo tanto, si que son axudas a letra pequena ese tipo de rebaixa do IVE son para collelas con pinzas. Manifesta que cren teñen argumentos suficientes para isto se faga, porque Galicia e produtor da enerxía eléctrica en Galicia e non se recibe nada, cren que teñen outros territorios, Euskadi ten tarifa eléctrica propia.

Intervén o Sr. Alcalde dille a D. Germán que lle consentiu falar dun tema que non viña ao caso, porque hai que ceñirse á cuestión, o din todas as normas, logo di que ten que mellorar, non lle vai permitir iso. Vostede di que menti o alcalde, di que non o fai nunca. Falan vostedes de respecto, polo tanto vaia tomando nota porque así non vai continuar, el falou de vostedes en plural, non se refiriu ao Sr. Germán. Dille a D^a Katherinie o que é unha vergoña que o segundo vicepresidente da Xunta de Galicia conselleiro de emprego, industria e economía chame por teléfono para vir as xornadas de Monforte, e sen embargo, miren como ten o Porto Seco e logo mandan unha nota, de compatibilizar o mantemento da cidade coas zonas verdes, e logo os parques non se melloraron, a zona de cobas, o parque do hospital, dígalle



que faga algo por Monforte, que se acorde do que facía Cuiña en Lalín, chega a cuarta parte. Quere deixar constancia o comportamento do Sr. Conde.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 26.05.2021, 28.05.2021 e 21.06.2021 (2)) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.- - ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta “in voce” do Partido Popular, na páxina web do Concello ao abeiro das subvencións de 2.000,00 euros que se concedían aos negocios de hostelería, di que hai un negocio que inda non abriu o albergue de peregrinos e vese que teñen unha subvención e non estar abertos ao público.

Resposta o Sr Alcalde pola información que lle pasan os servizos técnicos do Concello estaba todo correcto, dado de alta na seguridade social, e senón tiña clientes era porque non había peregrinos.

Rogo do PP 25.06.2021 RE9976

Rogamos o equipo de goberno unha maior vixilancia da zona da Florida con imposición de multas coercitivas ós infractores e sinalización lumínica xusto antes de entrar na rúa Benito Vicetto, na propia praza, e así evitar que se sigan comentendo estas infraccións.

Resposta o Sr. Alcalde di que é un tema que xa preguntou, alí hai un carril principal e secundario. Ese é un tema que ven dende atrás iso xeralmente ou ben o fai o redactor do proxecto ou ben o fai por indicación da policía local. O que lle din é que iso está ben sinalizado.

Rogo do PP 25.06.2021 RE9976

Rogamos o Concello proceda a supervisar forestal non desbarbada do Concello que segundo a lei e o convenio suscrito teña obriga de vixía por risco de incendio e estar preto das casas, e no caso que sexa necesaria realizar as execucións de limpeza correspondentes para así cumprir o



convenio subscrito e a lei de 3/2007 de prevención y defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Resposta o Sr. Alcalde dicir que hai dous convenios coa Xunta un deles executado polo Concello de desbroces, e logo hai outro convenio ao que esta o Concello adherido, para quen faga esa delimitación de franxas secundarias a empresa pública SEAGA en nome dos Concellos, esto xa se viña facendo e este equipo de goberno continúa facendo.

Pregunta “in voce” do PP vai facer algo ao respecto na rúa Concepción Arenal sobre as manchas na rúa.

Pregunta Esperta Monforte! 18.06.2021 RE 9597

É certo que se utilizou personal do Concello para ese fin (control das pancartas espalladas por Monforte a favor da conservación do malecón).

Resposta o Sr. Alcalde que xa dixo que tiña que mirar as ordenanzas, os gobernos non utilizan aos funcionarios, os gobernos poden encargarse un traballo aos funcionarios dentro das súas competencias, igual que foi sempre. Vostede non pode ceder a súa fachada porque non o permite a lei.

Rogo Esperta Monforte! solicita facer unha xuntanza de voceiros para aportar ideas para un verán cultural.

Resposta o Sr. Alcalde que este ano no Concello non vai haber actividades de grupos porque hai que ser un pouquiño responsables.

Pregunta BNG 25.06.2021 RE 9937

Ten pensado este goberno continuar coa celebración do Mercadillo Dominical do Parque do Condes, ou pretende pechalo definitivamente?

Resposta o Sr. Alcalde que a pandemia non rematou, o mercadillo non se vai abrir. Onde estaba ubicado ese mercadillo non debería poñerse porque iso está destinado para outras cousas.

Rogo BNG 25.06.2021 RE 9938

Que o goberno municipal vele por que estas vías, unha vez rematadas as obras de reparación pertinentes, queden en estado óptimo para o seu uso.

Resposta o Sr. Alcalde sinala que moitos dos arranxos de averías na rúa, despois as reposición deixaban moito que desear. Fai pouco, recentemente aprobouse nun condicionado para que nos informes da técnica de urbanismo para que se teñan en conta á hora de conceder á licenza para repoñer firmes da vía pública. O que non vai valer tampouco de cara ao futuro se está con asfalto terá que ser o mesmo tipo de firme que o resto da rúa.



Rogo do BNG para que se fagan unhas festas alternativas

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vostede aquí non fai ningunha proposta de festas alternativas, iso está grabado na radio. Non se van facer festas, nin verán cultural, miren o que está pasando en Sarria, por catro actividades paralelas e do Concello, ao final houbo que suspender as actividades, está en perigo de peche perimetral, e isto non o quere a alcaldía. Algúns hostaleiros o ano pasado manifestaron persoalmente que tiveran o mellor mes de xullo que o ano das festas.

Remata a sesión sendo ás dez horas e vintenove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE